



# RUMBO<sup>3</sup> a FÓRa



EDLG ≡ IES San Clemente ≡ Santiago de Compostela

# ***Rumbo<sup>3</sup> a fóra***

Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
IES San Clemente, Santiago de Compostela



Título: Rumbo nº 3

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega - IES San Clemente  
Rúa San Clemente s/n - 15705 Santiago de Compostela - Galiza  
[www.iessanclemente.net/edlg](http://www.iessanclemente.net/edlg)

Licenza: [creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0](http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0)  
Tes permiso para compartir este libro: copialo, distribuílo e transmitilo.  
Podes transformalo, se o resultado final o distribúes con esta licenza.  
Debes atribuír as obras aos autores.  
Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais.  
Cada autor ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras.

Website: [www.iessanclemente.net/rumbo](http://www.iessanclemente.net/rumbo)

Contacto: [edlg@iessanclemente.net](mailto:edlg@iessanclemente.net)

Deseño editorial: Marcos Vence Ruibal

Revisión: Lourenço Álvarez Ruiz

Ilustracións:

Portada: Diego Vilar Beiras

Páxina 9: [FreelImages.com/Piotr Menducki](http://FreelImages.com/Piotr_Menducki)

Páxina 12: Diego Vilar Beiras

Páxina 18: Manuel Mira Martínez

Páxina 16: [FreelImages.com/Macarena Medina](http://FreelImages.com/Macarena_Medina)

Páxina 25: Adobe Stock + Ana Fernández Prol

Impreso en Galiza: Create - Santiago de Compostela

Primeira edición: Xuño 2018

ISSN: 2529-8798

Depósito Legal: C 809-2016



### ***Terceiro número da publicación "Rumbo"***

Nesta publicación do EDLG pretendemos recompilar e dar visibilidade a todo o material que ano tras ano xuntamos grazas aos concursos (literario, de postais e de marcapáxinas) e aos certames de relato breve e de micro vídeos.

Lembrede que todos os membros da comunidade educativa tedes a porta aberta para publicar os vosos textos, opinións, reflexións, imaxes e ilustracións, sen maior pretensión que a de ter unha lembranza de cada ano escolar no IES San Clemente.

Animádevos a participar!

### ***Rumbo a fóra***

Durante este ano o EDLG do noso centro participou no programa "Proxectos de innovación en dinamización lingüística" do Plan Proxecta, coa coordinación da profesora Maider Rodríguez Puy. O nome do noso proxecto, "Rumbo a fóra", reflicte a nosa vontade de internacionalizar a lingua galega, principalmente a través de eTwinning e das exposicións enREDadas.

Tamén nos fai lembrar os/as estudantes que realizan as súas prácticas (e fican a traballar) no estranxeiro, varios dos cales colaboraron nesta publicación.


### ***Índice***

8º Concurso de Felicitacións de Aninovo.....	4
3º Certame de Relato Breve.....	6
3º Certame de Micro Vídeos.....	19
31º Concurso Literario.....	20
8º Concurso Europeo de Marcapáxinas.....	26
Proxectos eTwinning.....	27
Outras actividades.....	28

## 8º Concurso de Felicitacións de Aninovo

Diego Vilar Beiras

1º premio



Ander Martínez Colinas

1º premio



Alejandro Buján Pampín

2º premio

*Non se sabe canto tempo  
temos na vida, así que fai  
que valga a pena.  
2018 disfruta cada  
momento*



Cristina Teijido Pena

3º premio

### ***3º Certame de Relato Breve***

#### ***Día 0 - Cristina Teijido Pena***

Xa había material escolar no supermercado para preparar a volta ás clases. A ela gustáballe pasar tempo mirando esas cousas e comparar prezos. Axudáballe a distraer a mente.

Aínda que intentaba manterse ocupada, sempre había momentos do día, e sobre todo a noite, onde lle era imposible non pensar naquilo e chorar desconsolada.

Había xa unha semana que non pasaba polo hospital, ela sabía que debía ir pero a última vez que foi ocorrera algo tan surrealista que necesitaba saír de alí pois todo o optimismo e a esperanza ás cales se agarraba con forza, comezaban a derrubarse.

A pesar diso, decidiu que volvería e aproveitaría o tempo, ela repetíase que tiña que haber esperanza, unha solución diferente. Esa mañá levantouse animada a ir, a intentalo de novo. Pero mentres se preparaba soou o teléfono. Ela parou en seco o que estaba a facer e comezou a tremer, parecía como se o tempo se parase e soamente puidese oír o teléfono. Ela sabía o que podía significar esa chamada incluso antes de contestar, o corazón batíalle cada vez máis forte e o medo apoderábase dos seus pensamentos. Contestou ao teléfono desexando con todas a súas forzas que fose outra cousa.

- Si?

- ...morreu...

## ***Agriope - Christian Trillo Mouzo***

- Facía un día moi agradable, os paxaros cantaban e sentíame ben.

O barqueiro erguido, tiña o remo na auga e a barca movíase aínda que el non o usase en absoluto, na cova só se escoitaba a auga abrirse para deixar paso.

- Non sei como acabei aquí, só recordo que era un día moi agradable, o meu fillo foi á escola, eu estaba soa, e fun comprar.

A túnica do barqueiro era longa e agrisada, chea de furados e po, e non lle chegaba a ver a cara nin as mans.

- Entón, encareime coa miña anterior veciña, díxome algo do meu ex-marido e pensei nel, coma todos os días, pero ela seguía falando e facíase insoportable, así que marchei.

Mirei as augas, e fixeime nas luces azuis que había no fondo, asomeime e vin como se empezan a mover, empezaban a adquirir forma e algunhas até ollos dunha luz branca.

- Empecei a pensar, se todo fora culpa miña, se realmente todos estarían mellor sen min, intentei quitarme estes pensamentos da cabeza, estaba feliz e non tiña por que pensar nestas cousas todos os días, xa era pasado.

As augas empezaron a remexerse e sons abafadores de berros de todo tipo encheron a cova. Adiviñei onde me encontraba e non me asusteí.

- Collín o coche e fun pasear até o faro, facía calor e fun a un saínte a pensar e deixar que o aire salgado me refrescase as ideas, talvez non foi suficiente, porque se non, cando os meus pés estaban colgados no baleiro, eu non empurraría o resto do meu corpo.



### ***Alén do horizonte (conto matemático) - Antom Labranha***

Dende enriba, entre as xibas, no randear constante da sela co paso pachorrenco e ondulante do camelo, vía o deserto expandirse na infinidade. Outra realidade, primaria, diáfana, veu habitalo.

A caravana que abastecera Alexandría dirixíase agora cara ao sur, onde sudaneses, etíopes e somalís comerciaban arreo cos exipcios. Despois das últimas aldeas do fértil delta do Nilo, internáranse na inmensidade de area, onde só as dunas recortaban o horizonte.



Eratóstenes, con dous discípulos, enrolárase nesa viaxe que lles había permitir presenciar o solsticio de verán. Na monotonía dos días, fatigábanse en avaliar a distancia percorrida. Unha profecía anunciara que cada ano en Siena, nese mediodía, as sombras esvaecían, fuxindo dos corpos.

"Iso évos cousa de que o Sol incida perpendicularmente", falou.

Medindo en Alexandría a sombra do seu bastón, debuxou triángulos semellantes cortando raios de Sol.

"Lados proporcionais: coñecendo a distancia entre as cidades poderei calcular... o raio da Terra", murmurou.

Ao chegaren, dirixíronse ao fascinante zoco. Homes magros visten xilabas cincentas que acentúan a verticalidade. Mulleres voluptuosas agochan a fertilidade baixo longas saias avermelladas. Pregoando frescura, conforto, latexo... amor, dispoñen especias en grandes cuncas de barro: coandro, menta, canela, xenxibre, pementa, azafrán... A luminosa ringleira de montículos multicolor revelaba a intanxible nostalgia de estirpes sobranceiras, atravesando desertos para comerciar aromas e sabores, mitos e lembranzas.

Ao mediodía todas as sombras esvaeceron. A poboación sumiuse nun silencio aterrador que el rachou co seu berro:

"Eureka!"

Buliron para a *khayma*, calcular: a conta estaba certa.

Apenas tres días e o camiño de volta comezaría. O agá, xefe da caravana, esperaríalos na porta da medina. Enfeitizados, antes de partir volveron ao mercado onde linguas e tradicións comungaban nunha paz antiga. Saíron de alí coas alxabeiras cheas de especias provocadoras de soños. E coa memoria ateigada de voces milenarias, regresaron ao seu fogar.

## ***Traballo e Morriña - Damián Garrido Portela***

Paco, natural de Vilagarcía, orfo de pai aos oito anos, tivo que poñerse cediño a traballar vendendo xeados polas rúas. Cando chegou o momento marchou facer o servizo a Marín, destino que marcaría a súa vida para sempre. Alí nun dos ansiados permisos coñeceu no Baile do Vergel unha muller que o cativou dende o primeiro intre. As escapadas para vela levarían a estar castigado mesmo na illa de Ons sen un anaquiño de pan que levar á boca. En canto o servizo rematara axiña casarían.

Eran tempos complicados e alá polo 1962 decidiu marchar a probar sorte en Holanda, tiñan que manter xa a primeira meniña e por desgraza o traballo daquela andaba moi escaso.

Atopou traballo nun petroleiro, foron oito apaixonantes anos coñecendo países que outros galegos endexamais imaxinarían. Dende o Caribe e África até as costas de Asia pasando pola canle de Panamá en catro ocasións. Foron moitos lugares e tamén desgrazas as que viu dende a cuberta do barco coma cando a Guerra do Vietnam. Corpos flutuando nas augas do río Mekong, bombardeos... Aquilo deixoulle unha fonda pegada de tristura no corpo que aínda hoxe lembra entre xestos de melancolía.

Nunha parada nos Estados Unidos toda a tripulación abandonou o barco sabendo que o destino naquela guerra non traería máis que morte. Así que unha vez mais Paco mudou de rumbo da man dun xudeu que lle deu traballo nunha tenda en pleno Manhattan na que hoxe en día é a segunda rúa máis importante da cidade. Pero aquel país onde todo ía tan á presa non lle gustou nin tan sequera un chisco.

Volver á Marín, ver medrar as fillas e procurar mantenza na vila para toda a súa familia presentábase naquel intre como o maior reto. Virían tempos difíciles pero a terriña é saudade.

## ***Na procura dun soño - María José Queiruga Santos***

Levaba moitos anos tendo un soño, moitos máis dos que se atrevía a recoñecer.

A súa vida, cara á sociedade, tiña sido fácil e cómoda, se por fácil e cómoda se entende non ter que traballar baixo a férrea disciplina dun xefe opresor e tirano. Pero non foi nada doada, simplemente vivira como unha muller submisiva e conformista, aceptando os desexos dos que a rodearon sempre.

Asumía e cumpría sempre as normas da sociedade na que lle tocara vivir, daban igual as súas necesidades, as súas inxerencias. O único que quería era manter o seu pequeno mundo a flote, e manterse ela a flote nel.

Pero os días, semanas, meses e anos pasaban.... e cada vez estaba máis apagada, máis pequena, máis lonxe de todos, empezando por ela mesma.

Todas as escusas ás que se agarraba para ter amordazado o seu soño comezaban a non ser suficientes. Ese soño que ela pechara nun cuarto escuro baixo sete chaves comezaba a facer ruído, canto ela máis tentaba enmudecelo, o soño máis berraba.

- Cala!!! Non berres máis, non podo liberarte, non podo escoitarte!! Debes permanecer aí, é o mellor para todos.

Entón, volvía a facer a coleta e a poñer o mandil, limpar a casa e facer a comida. Toda a súa vida tiña sido a filla de, a muller de e a nai de... Pero o soño volvía a berrar e cada vez eses berros eran máis fortes, máis intensos e máis claros.

- Adiante!!!! Vive!!!! Ninguén ten dereito a vivir por ti, ninguén morrerá por ti.

Entón, soltou o pelo, colgou o mandil, liberou ese soño e estendeu as ás. Non volvería a ser a filla de, muller de, nai de... tiña un nome precioso e por el sería coñecida.

## ***O tempo - Leticia Tuñas García***

O tempo, tan só unha palabra. Por que tan veloz? Sempre deixamos pasar o tempo e as oportunidades, pero non nos paramos a pensar que é algo que xamais imos recuperar. Oxalá fósemos máis velozes ca el para poder deter inxustizas que pasaron e que pasarán, oxalá ser máis velozes ca el para poder vivir cada instante, gozar de todas aquelas persoas que nos fan sentir como unha rosa en plena primavera, guiarse polos impulsos do corazón. Porque ao fin e ao cabo, o único que permanece para sempre son os recordos, recordos que marcan, coma ti, cando sorrías, loitabas ou simplemente me rifabas, sen dúbida boto de menos o meu tempo, tempo no que ti estabas.



## ***Grazas - María Serafín Martínez***

Outra vez só. Pensaba que esta vez sería para sempre. Nin sequera me deu tempo a meter a pata. Dei o mellor de min, xogabamos xuntos, sempre a ía recibir, leváballe regalos, serían absurdos, pero ela ría e iso gustábame, eramos felices, pero aínda así... abandonáronme de novo, estarei condenado a unha vida en soidade? Coas miradas dos descoñecidos como única compañía?

Síntome como esa folla que cae da árbore en outono. Seguramente ela tamén pensaría que sempre estaría nesa rama, que estaban unidas por un forte lazo, mais, porén, deixouna caer... É certo. Ninguén dixo que a vida sería fácil, pero vivila así... para min non é unha vida que paga a pena vivir... Que farei a partir de agora? Como poderei encher este enorme baleiro? Non creo que poida...

Nin sequera podo evitar chorar por máis tempo... xenial, aí están esas miradas de compaixón e noxo. Pero non me importa, se non me desafogo agora morrerei por dentro, e iso si sería unha condena, porque todos eses recordos maravillosos non significarían nada, e quero que o sigan sendo todo.

Un momento... ese olor... Non pode ser certo! Non, non te fagas ilusións, non permitas que o teu rabo pense por ti... Xa é tarde, a emoción do que pode ser consumiuno, non podo moverme, non quero que o note... Notouno, notouno e acariñoume a cabeza con esa quentura das súas mans, está collendo a correa de novo.

- Xa está, Toby, non berres, que só fun mercar un par de cousas.

Non podo ser máis feliz, estame levando de novo a casa, e só hai un pensamento na miña cabeza.

***Máis alá dos teus ollos - Sara Lago Bouzas***

Nunca saberei como é o azul do ceo.

Nunca che verei ese sorriso tan bonito que din que tes.

Nunca poderei observar como caen as gotas cando chove nos cristais das fiestras, esas tardes que quedamos na casa.

Nunca desfrutarei das postas de sol ao teu carón.

Nunca apreciarei o vermello dos amorodos no verán ou o fermosas que están as árbores na primavera.

Non verei a emoción dos nenos cando chega o Nadal ou cando ves a familia despois de moito tempo.

Nunca observarei as estrelas de noite nin o grande que ten que ser a lúa chea.

Sinto a felicidade doutra forma.

Aprecio os teus sentimentos escoitando a entoación en cada unha das túas palabras.

Sinto cando me miras.

Gústame o olor da herba mollada despois dun día de orballo ou o do mar cando paseamos á beira del.

Sinto ledicia ao escoita-los asubíos dos paxaros.

E encántame saborear os doces que fai avoa aos domingos.

Son cega.

Pero podedes chamarme Marta.

***Todo cambiou dende aquel día - Mar Cortés Ares e Lorenzo Torres Rodríguez***

Ela, unha rapaza de dezaioito anos, pelo liso, logo e cor negra, mirada azulada, nin moi alta nin moi baixa, unha maneira de vestir sinxela e carácter serio. Sempre sae cos amigos que coñeceu cando era cativa. Algúns deles xa coñeceron o significado dunha palabra que para ela soa estraño: o amor. Non tiña présa en atopalo pero o que ela non sabía é que a partir dese día todo ía cambiar. Unha tarde cando quedou cos seus amigos un de eles non viña só senón que viña acompañado por un rapaz alto, pelo rubio e ollos azuis.

Pasaron os días e ese mozo pouco a pouco foi integrándose no seu grupo, ela non entendía o que lle pasaba cando o vía e sobre todo cada vez que este se acercaba. Seguiron pasando os días e decatouse de que sentía iso que lle chaman amor. Cando estaba con el esquecíase do resto do mundo, os seus problemas desaparecían, sorría como nunca o fixo con ninguén...

O mozo empezou a distanciarse e ela non entendía o porqué até que pasado un tempo descubriu que o sentimento non era mutuo xa que el si sentía amor, pero por outra rapaza. Dende ese 10 de marzo a moza non volveu a ser a mesma, volveuse máis fría, máis distante. Ela non quería iso, non quería apagarse, non quería afogar... Tiña que conseguir afastarse o máximo posible para poder esquecerlo, así que deixou de quedar cos seus amigos, pedíronlle que volvese pero ela non escoitou, afastouse cada vez máis até que todos se esqueceron de todos. Foi entón cando se deu conta do grave erro, perdera todos os seus amigos da infancia por culpa dun rapaz que apenas coñeceu. “De verdade que agora estou soa”, pensou.



## ***Café para dous, por favor - María Concepción Álvarez Rilo***

Unha noite estaba eu ollando o periódico dixital para ver as novas do día. Que marabilloso é o adianto das novas tecnoloxías! Para informarte do que pasa no mundo xa non tes que ir mercalo e tishar os dedos de tinta co diario de papel.

Pois como ía dicindo, illada no meu escritorio esa noite lin unha noticia que me lembrou unha anécdota, despois dígovos por que: resulta que un bo día fomos o meu home mais eu tomar un café a unha cafetaría moi popular da cidade inda por riba, e cando terminamos erguémonos sen decatarnos de que eses cafeíños custaban cartos e fómonos tan ricamente sen pagalos. Ao pouco tempo lembreime, pero despois non lle dei importancia, pero mira se a tiña que hoxe non me atrevo a poñer un pé no café.



A noticia dicía que un home foi multado con trescentos sesenta e cinco euros por marchar dun bar sen pagar e alegou que o local non reunía as condicións hixiénicas necesarias. Pero o cafeíño tomouno! Anda que... hainos cunha cara!

## ***Amores furacán - Danielle Fortes Bouzas***

Creamos un furacán.

Ti e eu destruímonos, construímonos e reconstruímonos.

Nós, gritámonos con forza, odiámonos con forza, abrazámonos con forza, quixémonos con forza e foi naquel momento que descubríñ que forza é o que vou necesitar o día que teña que esquecerte.

Os amores furacáns son así, chegan, arrasan con todo e cando marchan deixan cada recuncho polo que pasaron, devastado.

Os amores furacán, normalmente teñen data de caducidade, quizais estea no noso destino querernos, pero non ternos.

Se hai algo que está claro é que os amores furacán ensínanche, marcan un antes e un despois na túa vida, axúdannos a crecer, a coñecernos, moitas veces, ensínanche a renunciar, ensínanche o que é a dor, e si, ensínanche a querer, como un tolo, con paixón, con cegueira.

Nós que nos atopamos agora no medio do desastre, dime que seremos dous furacáns xuntos destruíndo todo o que nos rodea, pero sen destruírnos mutuamente.

## ***Mans - Manuel Mira Martínez***

Un día deuse conta de que de cando en vez non recordaba onde deixara as chaves da casa ou o vaso que acababa de coller para beber un pouco leite... cada día esquecía algunha cousa sen importancia. Empezou a preocuparse cando xa non lle viña á cabeza o nome dalgún veciño que coñecía de toda a vida, pero culpou aos anos que non perdoan. Cada día custáballe máis recordar que xantara, ou con quen falara o día anterior... pola contra volvían á súa memoria con máis forza que nunca as imaxes da súa infancia.

O seu carácter foise agreando aos poucos por non ser quen de manter unha conversa fluída. Custáballe ganduxar as palabras correctas...

Sentíase desacougado por non ser quen de recoñecer as persoas que se cruzaban con el mentres o saudaban cunha confianza e proximidade que agora non era capaz de identificar.

E así foise illando paseniñamente e pechándose nos poucos recordos que aínda xurdían nítidos na súa cabeza. Foise acomodando a ese mundo interior cada día máis escuro e fondo, agarrándose ás imaxes que lle evocaban os tempos felices da súa vida: a súa nai, o primeiro xoguete, os paseos co seu pai, a súa muller, os seus fillos.... un día estas vivencias foron esvaecéndose... a súa mirada perdida xa non recoñecía a familia, só quedaba nos restos da memoria unha bruma de sombras vencelladas aos abrazos, garatuxas e, con máis forza que ningunha, ás mans de María, a súa muller. Nunca esquecera o seu tacto: a ilusión, a luz, a vida que se abriu co seu primeiro rozamento xa viviría nel para sempre.




Cada mañá, coa primeira caricia, esas mans volvíano á memoria. Eran a última agarradoira á vida. Os ollos evocan imaxes, as mans sentimentos... e estes sempre están no máis profundo do noso ser.

### 3º Certame de Micro Vídeos

No terceiro certame presentáronse sete traballos. Todos foron seleccionados e publicados nesta lista de YouTube:

[tinyurl.com/certame-2018](https://tinyurl.com/certame-2018)



3º Certame de micro vídeos - Traballos  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega - 8 / 8

- 1 Unha palsaxe - Christian Trillo Mouzo  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
0:52
- 2 A maior seca do século - Marcos Vence Ruibal  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
0:46
- 3 A natureza, un ben de todos - Román Arufe Blanco e Ander Martínez Colinas  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
1:16
- 4 Banco da Alameda - Sergio Miguez, Tamara Fontán e Diego Antelo  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
0:54
- 5 Maxia - Miguel Guido González Szamocki  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
0:35
- 6 Tutorial USB - Diogo Maio Brioso, Fernando Braio Rodríguez e Beatriz  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
0:26

## **31º Concurso Literario**

### **1º premio na modalidade de poesía**

#### ***Esa rapaza - Nerea García Porto***

Son esa rapaza á que ves e non observas,  
a que non morde, pero chora se te acercas,  
a que camiña, pero non avanza,  
a que quere voar e non alcanza.

Son esa rapaza que a esconder a cara baixo a capucha adoita,  
a que fala moito e ninguén escoita,  
a que ten o seu corazón roto e aínda así loita,  
a que á vida pegou e deixou coita.

Son, pero non quero estar.

### **2º premio na modalidade de poesía**

#### ***Mesmo que morra por dentro - María José Queiruga Santos***

Mesmo que morra por dentro  
nin a rabia, nin a ira,  
nin a dor, nin ningún tormento  
sacarán dos meus ollos unha bágoa  
nin da miña boca un suspiro nin un tormento.

Tragarei a angustia,  
afogarei ese sentimento  
despregarei as ás  
e emprenderei un voo lento,  
renacerei das miña cinzas  
e pouco a pouco... recuperarei o alento.

## **1º premio na modalidade de relato**

### ***Melpómene - Christian Trillo Mouzo***

Estaba Antón sentado no bus, como todos os días dende o inicio do ano escolar, estaba inquedo e coa súa présa usual de saír correndo cara ao seu fogar, tan pronto se abriran as portas. Era un rapaz calado e solitario, e os demais non tiñan por costume meterse moito con el, pero o caer dos primeiros calores do verán, facíaos falar.

- Antón, que présa levas sempre, que che pasa? Tes medo de que che comamos ou algo?

Dicíalle o rapaz do asento contiguo.

- Non. - Ficou el mirando cara á porta, xa cun pé fora - é que... teño...

- Non tes nada. - Volveu a contestar de maneira brusca - e hoxe de aquí vaste o último.

Levantouse e coa mesma actitude púxose diante del, e así foi, a xente pasou mirando cun sorriso e algunha risa, pero el saíu de último. A súa cara denotaba certo estupor e enfado, pero correu, como sempre e entrou no seu fogar.

Ninguén o volveu molestar esa semana, pero a xente empezaba a comentar con sorna todo tipo de cousas que facía na casa e polas que saíría correndo. Chegou un mércores, moi caloroso, e Antón, non apareceu por clase, e pasou outro día, e outro mais. E o luns, apareceu, coa cara vermella e a cabeza gacha.

Os compañeiros preguntáronlle que pasou, e el non deu palabra, ese día recolleu todas as súas cousas e no bus non mirou a ninguén, nin falou, nin correu e moito menos foi o primeiro en saír.

O venres, non foi a clase, e alguén comentou, coa indiferenza dun adolescente:

- Suicidouse a nai, e agora foi vivir co pai.

Antón, non corría por nada máis que comprobar que a súa nai seguía aló, xa que dende que se divorciaran os pais debido a todo o maltrato que o pai lle proporcionara ao longo de moitos anos, ela seguía sendo a culpable a ollos de moita xente e nunca encontrou a axuda que ela merecía, máis ca dun fillo, que non puido correr o suficiente.

## **2º premio na modalidade de relato**

### ***Conversación no espello - Nerea García Porto***

Ola, reflexo. Non sei se me botaches de menos. Hai moito que non me atrevo a verte por medo a volver a facer caso a eses monstros da alimentación que tanto nos fixeron perdernos polo camiño á vida, que tantas cicatrices deixaron. Non paro nin parei de pensar en ti. O que quero é parar de pensar en ti conforme o facía e quizá o fago. Quero que nos levemos ben, quero facerme feliz e despreocupada ao teu lado; quero unha boa amizade entre nós. Non ter medo de verte, de acariciarte e incluso de dicirche piropos. Ser capaces de convivir xuntas, de poder tirar adiante sen medo ao que os demais digan, agora quero dar en ti todos os coidados que non nos demos nin nos deron. Non me botarás máis de menos, estou segura. Estarei esperando fronte a ti o tempo que faga falta até quererte e quererme comigo, esteamos como esteamos de curvas ou liñas rectas. Espero non volver a fallarche e o mesmo espero de ti, ademais de que desaparezan todos os insultos que nos dixemos unha a outra. O perdón xa o tes, e acepto toda a dor que nos fixeron e nos fixemos. Ana e Mia só querían destruírnos, ao igual que quen as alimentaba. Por todo iso mentimos, finximos, nos agochamos, nos fixemos dano e enganamos os que realmente nos querían coidar. Non o merecíamos nin o merecían. Merecemos moito máis, merecemos crecer como irmás. Poderemos discutir, non somos perfectas, pero como todos os irmáns, non? Somos fortes xuntas, unha mesma, *empoderada* e liberada.

## **Accésit na modalidade de relato**

### **Vento de cambio - Ana Fernández Prol**

Utopía. Aquela era a palabra coa que Breixo tería bautizado aquel lugar e aqueles desexos vestidos de decisións que naceran nel mentres contemplaba o anoitecer durante aquela noitiña do mes de abril sentado na ladeira dunha montaña no Couso.

Dende alí mergullárase na fascinación polo arredor, polo coruscar do río Limia, o quecer da súa pel da cor do leite baixo o incipiente sol primaveral ou o lene vento que xogaba co seu cabelo castaño e lle achegaba os engaiolantes aromas das árbores e plantas en flor.

Non sabía moi ben se o que estaba a vivir e sentir era real ou se a ilusión na que tanto teimara durante os últimos dous anos da súa vida resultara non ser tan utópica coma pensara ata entón. O certo é que a sentía real, máis real do que sentira algo endexamais.

“Vivo. Estou vivo”, dicía Breixo para os seus adentros coa mirada fixa no horizonte. Aquel era o derradeiro día da súa estancia dun mes naquela pequena vila coa cal topara un día por casualidade na Internet.

Breixo recordaba con claridade aquela tarde. Regresara moído - coma de costume - do seu traballo coma programador nunha pequena empresa de Vigo, chimpárase no sofá e puxérase a ver vídeos no YouTube co seu móbil. Unhas dúas horas e nove vídeos despois, topara cunha reportaxe suxerida sobre algo chamado *ecoaldeas*, e foi entón cando toda aquela aventura comezara.

“Vida rural”, “natureza”, “desconexión”, “liberdade”, “comunidade”, “cooperación”, “volver ao básico”... Todos eles eran termos e expresións cos que se describía en diversos artigos e videoreportaxes esta nova descuberta para Breixo. Todo ficaba idílico, mais non podía terminar de crer que fose posible que algo así existise. Pero entón regresou aquel pensamento que tanto tempo o levara atormentando.

Canso. Estaba canso daquela vida. Aburrido de ter que madrugar de luns a



venres ás 7:00 da mañá para coller o bus e chegar ás 8:00 ao traballo, onde lle agardaban 8 horas de crebar a cabeza e teclear código, de repetitivos “mételle máis *caña*, Breixo, que non chegamos”, de apenas 30 minutos para comer o triste contido da friameira que preparara a desgana a noite anterior e de pensamentos impulsivos de querer liscar de alí como consecuencia da ansiedade que estaba a sentir naqueles intres.

Canso de que despois dun ano coma bolseiro naquela mesma empresa - durante o cal ganara uns miserentos catrocentos euros mensuais a pesar de que o facían traballar coma un membro máis do cadro de persoal - tivera que traballar cun contrato de prácticas a cambio dun salario de apenas uns euros máis, os cales lle chegaban escasamente para cubrir o alugueiro do piso no que vivía, as facturas e os custos de desprazamento dende a casa ao traballo.

Canso de non ter tempo para os seus proxectos, de non poder tomar o control da súa propia vida, de ter que escoller entre depender de seus pais con 25 anos ou dun par de empresarios que parecían carecer do mínimo senso de empatía ou compaixón, de renunciar ao seu soño de crear os seus propios videoxogos e poder vivir diso.


Canso - por que non dicilo? - da mala situación económica que lle tocara vivir a el e aos seus pais na última década e canso de ver como xente na situación oposta desbaldía nas cousas máis superficiais e insubstanciais.

Canso das inxustizas e males do mundo: odio, envexa, cobiza, prexuízo, crítica, axuizamento, violencia... E entón foi cando decidiu emprender a súa estancia dun mes naquela *ecoaldea*.

“Canta falta fai ao ser humano desconectar e volver ao esencial”, acostumaba dicir para si mesmo. E o certo é que el fixérao alí, no Couso.

Aquel fora un mes de aprendizaxe, autoconecemento e crecemento, de renunciar e de gañar ao mesmo tempo. Afastarse do que o mancaba permitiulle deixar de sentirse doído. O estrés e a ansiedade que o levaban a morder as uñas como un xeito de castigarse e culpase a si mesmo polo camiño que tomara a súa vida desapareceran e semellaban xa cousa do

pasado, incluso dun soño. A vida tomara unha nova perspectiva para Breixo. Xa non era en branco e negro, senón que retomara as cores coas que vía todo o seu mundo cando era neno.



Cando fora que todo se tinguiña de tons grises nin el mesmo o recordaba. Supoñía que fora parte do devir en adulto, ou o que é o mesmo, do renunciar a tomar o mando da súa vida e deixalo en mans da sociedade na que vivía, do deixarse levar - coma o río... -. Onde quedaran as súas ilusións e soños infantís? Onde se perdera a súa vocación de crear e construír os seus anhelos a favor dos devezos doutros? Cando deixara a súa felicidade de ocupar o primeiro posto na orde de prioridades en troques da procura da mal chamada riqueza?

O certo é que Breixo non tiña resposta para estas preguntas, mais o que agora si sabía era que non era demasiado tarde para inverter o rumbo que estaba a tomar a súa vida e que as decisións equivocadas non eran definitivas e irreversibles. Estaba preparado para desfacerse do cansazo. Era tempo de deixar a un lado os medos e limitacións e traballar e loitar no deseño e construción da arquitectura dos seus propios soños. Chegara o momento de tomar o control da súa vida e cambiar de rumbo. Total, que había por perder se el xa estaba a perder o máis importante - a vida -?

No ceo percibíase o rebuldar das nubes coas derradeiras raiolas de sol do día, o cal xa desaparecera no horizonte. Percibíase o arrefriar do ar e intuíase a vindeira friaxe da noite. Sentíase un vento diferente, mais non desaprachable. Sentíase un vento de cambio.

## 8º Concurso Europeo de Marcapáxinas

Este ano participaron tanto no concurso, como no proxecto eTwinning Letras Galegas 2018, oito centros educativos galegos e estranxeiros.

Dúas alumnas da Szkoła Podstawowa nr 30 de Lublin (Polonia) empataron na primeira posición. A nosa alumna Leticia Tuñas García, obtivo un dos accésits.



1º premio: Julia Sadurska



1º premio: Wiktoria Marucha

## ***Proxectos eTwinning***

O EDLG coordinou moitos dos proxectos eTwinning desenvolvidos durante o presente ano lectivo, por exemplo:

- Sexta edición de ***Pek, a Pulga Viaxeira***. Noveno ano deste proxecto no que as linguas de traballo son, en igualdade de condicións: galego, francés, portugués, italiano, checo, grego e inglés.
- Oitava edición de ***Christmas Card Exchange***, grazas ao cal as postais en galego do noso alumnado viaxan a centros de toda Europa.
- Oitava edición de ***Letras Galegas***, proxecto que conseguiu o Selo de Calidade eTwinning en Francia, Italia, Polonia e Portugal, que trata cada ano sobre a obra dun autor ou autora de Galiza.

Ademais:

- Reedición das guías ***Proxectos eTwinning Galiza-Portugal*** e ***Proxectos eTwinning de FP***, nesta ocasión co respaldo da Xunta de Galicia.
- Obtivemos tres ***Selos de Calidade Europeos eTwinning*** por proxectos do EDLG do ano pasado: Um tripé para o meu e-book, AtlánticoVET e Green Spots in Town. Este último tamén recibiu o premio ***Move2Learn, Learn2Move***.
- Celebramos o Día Internacional da Internet Segura, un dos moitos requisitos para conseguirmos o ***Selo eTwinning School***.

Podedes ampliar información sobre os proxectos eTwinning do IES San Clemente nesta ligazón:

[www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning](http://www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning)



## Outras actividades

Neste ano colaboramos co IES Leliadoura de Santa Uxía de Ribeira e co CEIP de Sestelo-Baión na organización das seguintes exposicións enREDadas:

- As laranxas máis laranxas (Ribeira).
- MatematicARTE (Compostela e Vilanova).


[www.iessanclemente.net/tag/presentacions\\_edlg](http://www.iessanclemente.net/tag/presentacions_edlg)



Tamén fomos sede das seguintes conferencias, organizadas polo Concello de Santiago de Compostela:

- Enreguéifate.
- OPS! (O Português Simples) 2017.

[www.iessanclemente.net/tag/conferencias\\_edlg](http://www.iessanclemente.net/tag/conferencias_edlg)



E finalmente, coa coordinación do profesor Miguel González Szamocki, creamos unha lista de reprodución de música en galego, que está facendo furor no Facebook! Agardamos as vosas propostas!


[www.iessanclemente.net/tag/musica](http://www.iessanclemente.net/tag/musica)





Nova York

Exipto



Santiago de  
Compostela



París

Xapón

